

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS:

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 20 de xaneiro de 2005 pola que se modifica a do 19 de novembro de 2003, pola que se fai pública a composición do Consello Social da Universidade de Vigo.

Pola Orde do 19 de novembro de 2003 (DOG do 24 de novembro) fíxose pública a composición do Consello Social da Universidade de Vigo.

De acordo con artigo 10.1º b) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, os membros dos consellos sociais cesarán por renuncia, incapacidade declarada por resolución xudicial firme, morte ou declaración de falecemento.

A renuncia deberá presentárelles por escrito á autoridade, entidade ou institución designante e ao presidente do Consello Social, quen lla comunicará á consellería competente en materia universitaria, e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, data desde a que producirá efectos.

Segundo o artigo 10.2º da dita Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, as vacantes deberán ser cubertas pola autoridade, entidade ou institución correspondente no prazo máximo de 3 meses.

De acordo co artigo 7.4º da citada Lei 1/2003, os acordos de designación de membros do Consello Social seranlle comunicados ao conselleiro competente en materia universitaria, quen procederá ao seu nomeamento mediante orde da súa consellería.

O Concello de Ourense, por escrito que tivo entrada no Rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o 24 de novembro de 2004, achegou notificación de cambio do representante dese concello no Consello Social da Universidade de Vigo, sendo a nova representante designada a concelleira Elena Rivo López.

Con data 13 de decembro de 2004 o presidente do Consello Social da Universidade de Vigo comunica, en cumprimento do disposto no artigo 10.1º b) da Lei 1/2003, a renuncia da representante do Concello de Ourense no Consello Social da Universidade de Vigo por motivos persoais. Posteriormente, o 13 de xaneiro de 2005 achégase copia do acordo polo que o Concello de Ourense nomea a Elena Rivo López como representante no Consello Social da Universidade de Vigo en substitución de Belén Girón Vélez.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Facer pública a renuncia de Belén Girón Vélez como representante do Concello de Ourense no Consello Social da Universidade de Vigo.

Artigo 2º

Nomear a Elena Rivo López como representante designada pola corporación local do Concello de Ourense, no Consello Social da Universidade de Vigo, en substitución de Belén Girón Vélez.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 25 de xaneiro de 2005 pola que se regula a concesión de axudas económicas por parte dos padroados provinciais para a mellora do medio rural.

A Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, dentro da súa liña de colaboración coas entidades privadas para contribuír á mellora do medio rural, regula por medio desta orde as condicións e os requisitos de carácter xeral aos cales se deberán axustar os padroados provinciais para a mellora do medio rural, regulados polos decretos 218 e 429/1987 en canto aos seus fins, composición e réxime económico.

En consecuencia, e para os efectos de establecer un marco normativo xeral que conteña os criterios para a actuación dos mencionados padroados como órganos ao cales lles corresponde a concesión das axudas reguladas por esta orde

DISPOÑO:

Primeiro.-A Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública transferirá ás súas delegacións provinciais, con destino aos padroados provinciais para a mellora do medio rural con cargo á aplicación orzamentaria 04.05.121A.780.0, a cantidade total dun millón cincocentos cincuenta e dous mil cento trece euros (1.552.113 euros), distribuídos a partes iguais entre as catro delegacións. As cantidades resultantes por delegación constituirán os fondos obxecto das axudas para este exercicio, sen prexuízo de que os padroados poidan suplementar estas con fondos propios acumulados, de xeito que as ditas axudas se orienten á consecución dos fins sinalados nos decretos 218/1987, do 23 de xullo, e 287/2000, do 21 de novembro, e o disposto nesta orde, á cal, en todo caso, lle

sería de aplicación o disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Segundo.-Para os efectos desta orde, as axudas estarán constituídas por cantidades non reintegrables, ás cales se refire o artigo 2 do Decreto 218/1987, do 23 de xullo.

Terceiro.-Poderán solicitar axudas:

1. As persoas xurídicas de ámbito privado cando nos seus estatutos se recoñezan fins relacionados co desenvolvemento comunitario e co medio rural.

2. As agrupacións constituídas, polo menos, por tres persoas maiores de idade.

Cuarto.-Os peticionarios destas axudas presentarán, xunto coa solicitude inicial, unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, de ser o caso, para esta mesma finalidade, nas distintas administracións públicas competentes.

Así mesmo, e antes da percepción da subvención, o peticionario presentará idéntica declaración para o conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para esta mesma finalidade, polas diferentes administracións públicas competentes ou os seus organismos, entes ou sociedades.

Quinto.-As solicitudes, conforme o modelo e anexos que figuran nesta orde, presentaranse nas delegacións provinciais da consellería ou por calquera dos procedementos sinalados no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será de 40 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto.-Polo que respecta ás solicitudes, os peticionarios deberán ter presente:

1. Agrupacións: se carecen de personalidade xurídica deberán citar os nomes, apelidos e DNI das persoas que constitúen os órganos de dirección e xestión, que non será inferior a tres.

2. Agrupacións veciñais: a responsabilidade solidaria dos peticionarios farase constar expresamente.

Sétimo.-Co obxecto de aplicar criterios de obxectividade na concesión, os padroados considerarán preferentes, e por esta orde, os seguintes:

1. Ruralidade do núcleo.

2. Carencia de medios económicos e imposibilidade, ou probada dificultade, de obter canles de financiamento por outros medios.

3. Finalización ou mantemento das obras xa iniciadas, financiadas polos padroados ou por outras vías.

4. Repercusión das obras en canto ao número dos seus beneficiarios ou necesidades daqueles en relación cos núcleos de poboación a que se destinen.

Oitavo.-Esta orde, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro,

de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Contra as resolucións expresas ou presuntas que deriven desta orde, que poñen fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación no caso de resolución expresa.

No caso de que a resolución se entenda desestimatoria por silencio administrativo, o prazo será de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

De non estimar a presentación deste recurso, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Noveno.-Os padroados, a través das respectivas delegacións provinciais, xustificarán o emprego das cantidades transferidas por esta consellería mediante certificación de acta das sesións plenarias en que se resolveu a concesión de axudas, con expresión de todos e cada un dos beneficiarios, da cantidade concedida e do obxecto da concesión.

A dita certificación deberá presentarse nesta consellería antes do 15 de novembro de 2005.

Ao mesmo tempo, a resolución correspondente deberalles ser notificada polos padroados provinciais a todos os solicitantes, transcorridos 6 meses desde a publicación desta orde no DOG. Esgotado o dito prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente (artigo 43.2º c), a sensu contrario, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Décimo.-Esta orde terá vixencia para o ano 2005.

Disposición derradeira

Nos aspectos non contidos nesta orde haberá que atermos ao disposto nos artigos 78 (modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro) e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e nos artigos 42 e 43 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
 RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
 E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS PARA A MELLORA DO MEDIO RURAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR209A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		NIF	
PRESIDENTE DA AGRUPACIÓN OU ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE		ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO		

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DA ENTIDADE	CÓDIGO DA OFICINA	DÍXITO DE CONTROL	NÚMERO DE CONTA
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
POBOACIÓN	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

DATOS DA SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN

ORZAMENTO TOTAL DA OBRA OU ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR	_____
CANTIDADE	_____

BREVE DESCRICIÓN DA OBRA OU ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR:

--

DECLARO que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.

ACEPTO o compromiso de me someter ás normas da convocatoria e de facilitar a información e a documentación que solicita.

XUNTO a documentación exigida na convocatoria.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 25 de xaneiro de 2005 pola que se regula a concesión de axudas económicas por parte dos padroados provinciais para a mellora do medio rural.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE <div style="text-align: right;">, de de 200</div>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Delegado provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública - Presidente da Xunta Reitora do Padroado Provincial para Mellora do Medio Rural

ANEXO II

As persoas que asinan abaixo comprométense e responsabilízanse solidariamente do correcto emprego da axuda que lles outorgue o padroado provincial para a mellora do medio rural de _____, na obra mencionada na solicitude que se xunta a este documento.

1)

DON / DONA	DNI
DOMICILIO	LOCALIDADE

Sinatura

2)

DON / DONA	DNI
DOMICILIO	LOCALIDADE

Sinatura

3)

DON / DONA	DNI
DOMICILIO	LOCALIDADE

Sinatura

ANEXO III

EXPEDIENTE Nº

RELACIÓN VALORADA POR UNIDADES DE OBRA

UNIDADES	CLASE DE OBRA	PREZO UNITARIO	IMPORTE
TOTAL			

O / a solicitante

O / a técnico/a

EXPEDIENTE Nº

PLANO DE SITUACIÓN NO CONCELLO

--

ESBOZO DA OBRA

--

ANEXO IV

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO
POR OUTRAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS COMPETENTES

D (*) _____ en representación da (asociación/agrupación de veciños) _____ que realiza esta solicitude,

DECLARA:

que nas datas e polos importes que a seguir se relacionan presentou para o mesmo fin as seguintes solicitudes a outras administracións públicas, das cales lle foron concedidas as que así mesmo se relacionan:

No caso de non ter presentado ningunha solicitude para o mesmo fin, cruzará cun X o recadro correspondente e asinará esta declaración ao pé de páxina:

NON TEN SOLICITADA NIN LLE FOI CONCEDIDA NINGUNHA AXUDA PARA O MESMO FIN POR OUTRAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

(No caso de que si teña solicitada ou concedida unha axuda por outras administracións)

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO	DATAS DE		IMPORTE (€)	
	SOLICITUDE	CONCEDIDO	SOLICITUDE	CONCEDIDO

No caso de estar pendente de resolución, sinalarase na columna de concesión o termo PENDENTE.

Nas solicitudes denegadas farase constar 0 euros na cantidade da columna.

_____, de _____ de _____.

(Sinatura)

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Orde do 29 de decembro de 2004 pola que se declara a alleabilidade do Centro de Granitos de Galicia.

Polo Decreto 302/2004, do 1 de decembro (DOG nº 251, do 28 de decembro), desafectouse o ben inmóble que integra o denominado Centro de Granitos de Galicia.

Unha vez obtida a inscrición no correspondente Rexistro da Propiedade do dito ben a nome da Comunidade Autónoma de Galicia, procede declarar a súa alleabilidade de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e artigo 60 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu regulamento, co obxecto de posibilitar o tráfico deste ben patrimonial.

En virtude do anteriormente exposto, por proposta da Secretaría Xeral e do Patrimonio e logo do informe da Consellería de Innovación, Industria e Comercio,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declárase a alleabilidade do ben inmóble que se describe a continuación:

Edificio nº 1 de planta rectangular composto de baixo de 800 m² e andar primeiro de 375 m², aproximadamente, e edificio nº 2 tamén de planta rectangular composto de andar baixo de 250 m², aproximadamente, e semisoto de 230 m², asentadas ambas as dúas construcións sobre o seu soar de 6.103 m², no lugar de Gándaras de Torneiros e Cataboi, que linda o conxunto: norte, resto do predio matriz, hoxe dedicado a centro educativo; sur, camiño público, que separa do resto do predio matriz; leste, rúa da urbanización do polígono de Torneiros; e oeste, estrada do Porriño a Mosende.

Inscrito no Rexistro da Propiedade de Tui no tomo 861, libro 162, folio 103, predio nº 24.988, inscrición 2ª.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2004.

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda